

Informe de accións de coordinación do Mestrado Universitario en Xeoinformática

I. INFORMACIÓN XERAL

Denominación do título	Mestrado Universitario en Xeoinformática pola Universidade de A Coruña e a Universidade de Vigo
Centro(s) onde se imparte o título	Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
Títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade(s) participante(s)	Universidade coordinadora: Universidade de Vigo Universidade participante: Universidade de A Coruña
Curso de implantación	2015-2016

II. COORDINACIÓN

Coordinación de título	Higinio González Jorge
Equipo coordinador do curso	Higinio González Jorge
Titor de PAT	Jaquín Martínez Sánchez

III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN

O Mestrado de Xeoinformática consta dun único curso, polo que a coordinación de título e a coordinación de curso lévase a cabo pola mesma persoa.

O feito de que a actividade docente desenvólvese en dous campus universitarios non foi impedimento á hora de levar a cabo as tarefas de coordinación. A comunicación e o intercambio de impresións entre coordinador de título, de cursos, materias e titor de PAT foi continuo e non se restrinxiu ás reunións formais que quedan recollidas no presente documento. Esta comunicación tivo como resultado, en moitos casos, axustes no desenvolvemento da organización docente que non son posibles reflectir nun documento de coordinación.

3.1. Reunións

Reunións do equipo coordinador do título e do curso co equipo coordinador da materia/módulo

A finais do curso 2015-16 realizáronse intercambios mediante correos electrónicos para así establecer as directrices para realizar as guías docentes, garantir a súa coherencia e evitar duplicidades.

Revisáronse as guías docentes iniciais, analizando se estas son coherentes e permiten acadar as competencias xerais e específicas correspondentes. Outra cuestión tratada foi a distribución destas actividades ao longo do curso académico. Finalmente, tratouse a xestión das guías docentes a través da aplicación DocNeT (prazos e outras cuestións).

Durante o curso académico 2016-17 realizáronse un total de 3 reunións deste tipo, nas datas que se sinalan a continuación. Pódense consultar detalles destas reunións no anexo deste informe:

19/12/2016. O obxectivo principal desta reunión foi a revisión da actividade docente realizada durante o primeiro cuatrimestre.

19/06/2017. O obxectivo principal desta reunión foi a revisión da actividade docente realizada durante o segundo cuatrimestre.

21/06/2017. Reflexión e valoración do acontecido ao longo do curso. Como conclusión xorden propostas de mellora que implantaranse para o vindeiro curso.

Reunións do equipo coordinador do curso co persoal coordinador da materia/módulo

A comunicación e o cambio de impresións entre o equipo coordinador do curso co persoal coordinador da materia foi continuo e non se restrinxiu ás reunións formais que quedan recollidas no presente documento. O equipo coordinador do curso trasladalle ao persoal de coordinación da materia e/ou profesorado implicado distintas incidencias e suxestións presentadas polo alumnado, co fin de reflexionar sobre a forma de dar resposta ás súas necesidades e expectativas.

Reunións do equipo coordinador do curso co titor

O titor do PAT para o mestrado, Joaquín Martínez, realizou reunións para analizar distintos aspectos académicos relacionados co alumnado (resultados académicos, suxestións, queixas...). Estas reunións, que tiveron como tema principal o alumnado, configuráronse como un espazo de información esencial para desenvolver o plan de acción tutorial (PAT). O resumo, valoracións e reflexións xurdidas destas reunións encóntranse incluídas no rexistro de calidade "R2-DO0203P1 Informe Final de Avaliación do PAT" do curso 2016-17.

Reunións dos responsables de coordinación das materias co profesorado que as imparte

Ao longo de todo o curso académico o responsable de coordinación da materia mantivo unha comunicación permanente co profesorado para trasladar a información, os resultados, as queixas e as suxestións achegadas tanto polo propio alumnado como polo coordinador do curso, algún profesorado ou mesmo o coordinador do título. O

obxectivo principal foi consensuar as distintas decisións para garantir unha axeitada planificación da materia e asegurar un desenvolvemento equilibrado e coordinado desta.

21/06/2017. Despois de finalizar o período de docencia, o responsable de coordinación reuniuse con todo o profesorado para realizar a valoración do acontecido ao longo do curso.

Reunión do responsable de coordinación do título, coordinadora de PAT-MEET-Minas e o titor de PAT.

12/07/2017. Despois de finalizar o período de docencia, os coordinares de título, a coordinadora do PAT-MEET-Minas e os titores de PAT, recolleron as principais incidencias acontecidas durante o curso. Froito da valoración e reflexión sobre estes sucesos xorden a suxestións de mellora que reflíctense na planificación do programa de PAT para o vindeiro curso. Véxase o rexistro de calidade “R1-DO0203P1 Plan de Acción Titorial” para o curso 2017-18.

IV. CONCLUSIÓN

Durante as reunións de coordinación realizadas durante o curso 2016-17 reflexionouse non só sobre aspectos docentes se non que tamén analizáronse as principais incidencias, suxestións, debilidades e puntos fortes coa finalidade de establecer as accións de mellora oportunas ou fomentar as boas prácticas. Nalgún caso detectáronse problemáticas (de coordinación, xestión, metodolóxicas...) que o profesorado deberá ter en conta o próximo curso.

Froito destas reflexións conxuntas detéctase a necesidade de iniciar unha serie de propostas de mellora que quedan plasmadas neste documento.

A valoración é positiva e construtiva.

V. ANEXOS

Para completar a información, achéganse as actas relativas á coordinación realizada ao longo do curso académico.

1ª REUNION HORIZONTAL	
CURSO: Máster Geoinformática	FECHA: 19/12/2016
COORDINADOR: <i>Higinio González Jorge</i>	
ASISTENTES: Profesorado del Máster en Geoinformática.	
OBJETIVOS: Revisión de la actividad docente realizada durante el primer cuatrimestre.	
RESULTADOS: <i>Se plantea que los horarios y calendario de exámenes resultan adecuados, así como la dotación existente para la impartición de docencia.</i> <i>El profesorado implicado plantea de interés realizar una adaptación del plan de estudios en la que se incluyan materias relativas a Computación de Altas Prestaciones y Minería de Datos. Se propone una modificación del título en el que se incluya la participación de la Universidad de Santiago de Compostela que cubra estos contenidos.</i>	

2ª REUNION HORIZONTAL	
CURSO: Master en Geoinformática	FECHAS: 19/06/2017
COORDINADOR: <i>Higinio González Jorge</i>	
ASISTENTES: Profesorado del Máster en Geoinformática.	
OBJETIVOS: Revisión de la actividad docente realizada en el segundo cuatrimestre.	
RESULTADOS: <i>Se corrobora lo planteado en la reunión anterior.</i>	

INFORME FINAL DE COORDINACION HORIZONTAL	
CURSO: Máster en Geoinformática	FECHA: 21/06/2017
COORDINADOR: Higinio González Jorge	
<p>RESULTADOS:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Horarios, calendario de exámenes y dotación de aulas se manifiesta correcta por parte del profesorado. • No se registraron problemas de coordinación ni incidencias por parte del profesorado. • Se recoge la propuesta de completar la formación del Máster con contenidos relativos a Computación de Altas Prestaciones y Minería de Datos, para lo que se realizará una modificación del título y se contará con la Universidade de Santiago de Compostela. 	
<p>ANALISIS:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Valoración general positiva. • Correcto desarrollo de la docencia. • Posibilidad de mejorar el título incluyendo nuevos contenidos. 	
<p>PROPUESTAS DE MEJORA:</p> <p>Modificación del título incluyendo contenidos relativos a Computación de Altas Prestaciones y Minería de Datos. Dichos contenidos serán cubiertos por la USC.</p>	